



Este ano, o Encontro Escolar de Xogos Tradicionais organizado por Brinquedia vístese de longo!

Por primeira vez na Historia, Galicia será a organizadora do Festival Europeo de Xogos Tradicionais. Debido a este feito singular, este ano, de xeito excepcional, propoñémosvos trasladar a celebración do Encontro escolar de xogos tradicionais ao mes de xuño, coincidindo con este gran evento europeo.

Emporiso, o sábado 22 de xuño desenvolverase o Encontro Escolar en xornada de mañá (11 a 13:30 horas aproximadamente). Na xornada de tarde poderedes desfrutar do Festival Internacional de Xogos e Deportes Tradicionais, con mostras de xogos de diferentes puntos de Europa e do mundo.

Algunas razóns para asistir á celebración do Euroxogos en Ourense

1. Actividade de posta en valor do Patrimonio Inmaterial, polo que Ourense converterase na referencia europea do Xogo e Deporte Tradicional no ano 2013.
2. Evento Internacional, con representación de nacións europeas e convidados doutros continentes: España, Portugal, Francia, Bélxica, Italia, Marrocos, México, etc.
3. Actividade polifacética, combinando espectáculos, música, circuío de actividades participativas, encontro escolar, etc. Pode ser unha boa alternativa de viaxe fin de curso para os escolares galegos.

A través da web de Brinquedia (www.brinquedia.net) en próximas datas poderedes obter máis información deste evento, así como descargar o formulario de participación. Tamén nos podedes contactar no correo brinquedia@brinquedia.net

Contamos con vós!

Organizan

